


UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



HAMLET

DE WILLIAM SHAKESPEARE. DRAMATURXIA VANESA SOTELO E TITO ASOREY. DIRECCIÓN TITO ASOREY



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
centrodramatico.xunta.gal

Comunicación | Prensa

Axencia Galega das Industrias Culturais
Cidade da Cultura de Galicia
Edificio Centro de Emprendemento
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073
comunicacion.agadic@xunta.gal









ÍNDICE

<i>Ser, somos</i> , Fran Núñez.....	11
<i>A trincheira do humano</i> , Tito Asorey.....	13
Ficha artística.....	14
Funcións.....	15
Sinopse.....	16
Dirección.....	18
Dramaturxia.....	20
O elenco.....	22
O equipo artístico.....	40







SER, SOMOS

Fran Núñez | Director do Centro Dramático Galego

Hamlet é un texto ao que hai que volver sempre. O Centro Dramático Galego nunca montou *Hamlet*, o de Shakespeare, porque o de Cunqueiro si que se montou dúas veces. Así que, no noso caso, volvemos a *Hamlet* e chegamos por primeira vez ao *Hamlet* de William Shakespeare. Din que os clásicos son clásicos porque resoan no presente. Tamén porque falan de nós. E iso confróntanos.

Hamlet ten un dos máis brillantes exemplos de teatralidade, de metateatralidade. Unha compañía de teatro dentro dunha obra de teatro, unha farsa honesta que expón a mentira e a podremia do ser humano. Por iso o teatro segue vivo en tempos de intelixencia artificial, de plataformas de contidos e de redes sociais, porque o teatro é un encontro, porque non hai nada que supere o ser e o estar xuntos. Uns, no escenario, xogando a ser e, outros, no patio de butacas, intentando ver sen ser vistos. Pero dun lado e doutro do pano sabemos que estamos a compartir un momento único que non volverá pasar, porque esa é a maxia do teatro.

En tempos de soidade, de illamento, de individualismo, lembrar que non estamos sós, porque como mínimo para que exista o teatro ten que haber dúas persoas: o que fala e outro que mire. Iso, hoxe, tal e como está o mundo, xa é moito. Porque á eterna pregunta de se somos ou non somos, que dicía Hamlet, o teatro dános unha resposta: somos. Somos parte de algo, somos seres sociais que compartimos, que nos encontramos.

Levamos dous mil anos anunciando a morte do teatro e cada día está máis vivo. Porque o teatro non deixa de existir mentres exista a necesidade do ser humano de compartir, de coidar, de acompañar. O teatro é iso. Din que un dos primeiros signos de humanidade foi un óso quebrado e soldado que se atopou nun xacemento arqueolóxico. Porque alguén tivo que coidar do outro. E o teatro é unha tarefa colectiva baseada niso, no outro, nese coidado entre o equipo artístico, o equipo técnico e o público. E por iso o teatro nunca vai morrer, porque é brutalmente humano.

Ás veces penso que a humanidade merecemos extinguirnos, pero logo penso que con iso extinguírase o teatro e pásame. Un anaco.



A TRINCHEIRA DO HUMANO

Tito Asorey e Vanesa Sotelo | Dirección e
codramaturxia

Hamlet é, sen dúbida, a peza teatral máis famosa da historia, escrita arredor do 1600 por un home que pretendeu, coma Atlas, coller a esfera da Terra nas súas mans e, con ela, todos os asuntos humanos, e plantalos no seu pequeno teatro do sur de Londres, The Globe. Desde ese lugar, o teatro pasaría a ser un espello no que a humanidade puido observarse dun xeito crítico a través de pezas que son obras mestras inesgotables de pura paixón e acción escénica.

Hamlet é unha traxedia de vinganza na cal o seu protagonista, de xeito paradoxal, non ten as características propias dun heroe de acción, asolado por unha conciencia que lle dificulta habitar nun mundo moralmente apodrentado. A través da súa peripecia, a pluma mestra de Shakespeare constrúe unha peza poliédrica e dificilmente etiquetable que desborda os límites de calquera categorización, porque *Hamlet* é unha traxedia de vinganza, pero tamén unha peza sobre o amor e o maltrato; é a historia dun mozo que se sente abandonado pola nai, pero é tamén o relato dunha nai que loita por defender o seu dereito á felicidade; é unha das primeiras pezas que nos fala da saúde mental, un *thriller* de vinganza, unha historia de pantasmas, unha peza de teatro político, por veces filosófico e por veces metafísico, un drama psicolóxico, unha truculenta historia de violencia que acaba nunha tremenda carnicería final e tamén o reflexo da loita dunha xuventude que se ve obrigada a loitar pola orde dunha xeración anterior, deixando a súa vida nunha contenda que lle vén dada, pero que non elixiu. É, en definitiva, unha obra mestra sobre a dificultade de acadar a verdade nun mundo que fixo da mentira e da manipulación do relato a súa normalidade, e tamén a historia de dous mozos que se ven obrigados a vingar os seus pais, cando eles quizais non merecían tanto esforzo.

Todo iso é *Hamlet*, todo o humano cabe en *Hamlet*. Nestes tempos en que as máquinas semellan ser humanas, é esencial reflexionar sobre o que nos fai verdadeiramente humanos. Porque o problema quizais non é que as máquinas sexan cada vez máis semellantes a nós, senón que nós imitemos cada vez máis o xeito de pensar das máquinas. O abismo ao que nos fai asomar *Hamlet* pode ser un xeito de posicionarnos na trincheira do que realmente significa ser humano.

FICHA ARTÍSTICA

Dirección: **Tito Asorey**

Dramaturxia: **Tito Asorey e Vanesa Sotelo a partir do texto orixinal de William Shakespeare**

Elenco

Sergio Abelaira
Cristina Andrade
Belén Constenla
Raquel Espada
Isa Garrido
César Goldi
Alejandro Jato
Marita Martínez
Iolanda Muíños
Anxo Outumuro
Pedro Placer
Adrián Ríos
Machi Salgado
Toni Salgado
Inés Salvado Gontad
Sergio Zearreta

Equipo artístico

Dramaturxia

Dirección
Escenografía
Iluminación
Vestuario
Espazo sonoro e música
Maquillaxe e caracterización
Movemento escénico e coreografía
Loita escénica
Asistencia de texto
Axudante de dirección
Asistencia de produción

Vanesa Sotelo e
Tito Asorey
Tito Asorey
Carlos Alonso
Laura Iturralde
Saturna
Xavier Bértolo
Lorena Calvo
Rut Balbís
Xosé Piñeiro
Melania Cruz
Sara Rey
Mariña Lestón

Realizacións

Escenografía e *atrezzo*
Vestuario
Coordinación e corrección de textos | Asesoramento lingüístico
Fotografías e vídeos

Cartel
Deseño gráfico
Accesibilidade
Adaptación a lingua de signos e audiodescrición
Servizo de mediación
Apoio en redes sociais

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Axudantes de dirección, promoción e imaxe

Axudante de produción
Xestión
Comunicación

Subalterno
Publicacións

Equipo técnico | Centro Dramático Galego

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Auxiliar de son
Tremoias

Encargado de talleres
Xastras

Limpeza

Equipo técnico do CDG
Equipo técnico do CDG

Rosa Moledo
Miramemira, Rocío Gibes e Laura Iturralde
OLS
Trisquelia
Culturactiva

Chusa Pérez de Vallejo
Sheyla Fariña
O Cable Inglés

Fran Núñez
Francisco Veiga

Ana Balado Fontenla e Daniel Docampo
Roi Rodríguez
Óscar M. Latas
Ana Miragaya e Ana Rosales
Alfonso Codesido
Marcelina Calvo

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez
Hugo Peñamaría
Rubén González, Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Fernando Rodríguez
María Negreira e Mónica Varela
M^a. Esther Ons


FUNCIÓN

Santiago de Compostela. Salón Teatro

Estrea	Xoves 19 de marzo ás 18.00 h
Funcións	Do 19 de marzo ao 3 de maio de 2026 De mércores a domingo ás 18.00 h
Duración	130 minutos. Espectáculo non recomendado para menores de 16 anos
Medidas de accesibilidade	Interpretacións a LSE, audiodescrición e funcións descontractadas* *Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.
Venda de entradas	
Despacho de billetes no Salón Teatro (rúa Nova, 34)	Dúas horas antes de cada función
Venda anticipada en liña	Ataquilla.com
Prezo das localidades	10 euros
Descontos	40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC). 40 % Día do Público (domingo): 6 euros.
Programa de mobilidade	<i>Sobes ao autobús do teatro?</i> Servizo gratuito de autobuses que achega os concellos galegos ao Salón Teatro.
Agradecementos	Ilunion, Cidade da Cultura, Juan Bas, Iria Blanco, Faia Díaz, Anna Figueiredo, Lourdes Nistal e Lucía Senande

SINOPSE



The background image is a theatrical production of Hamlet. It features a dark stage with a dense rain of green, glowing particles falling from above. In the foreground, a person in a dark, textured costume is visible on the left. In the center, a person in a white, translucent costume is seen from the back, looking towards the right. On the right, another person in a dark costume is partially visible. The overall atmosphere is dramatic and ethereal.

Ao longo da súa traxectoria, o Centro Dramático Galego achegouse en varias ocasións ao universo shakespeariano con montaxes que conseguiron gran recoñecemento artístico e unha excelente acollida do público. Desde *As alegres casadas*, en 1989, ata *Shakespeare en Roma*, en 2023, pasando por títulos como *Un soño de verán* (1992), *Ricardo III* (2005) ou *Noite de Reis* (2007). Porén, chama a atención que *Hamlet*, probablemente a peza máis célebre do dramaturgo inglés, nunca formara parte ata o de agora do seu repertorio.

Tras a morte do rei de Dinamarca, o príncipe Hamlet regresa ao castelo de Elsinor e atópase cunha corte transformada: a súa nai, Gertrud, casou rapidamente con seu tío Claudio, que agora ocupa o trono. Pouco despois, o espectro do seu pai revélalle un segredo terrible: asasinouno Claudio. Desde ese momento, Hamlet queda atrapado entre a necesidade de facer xustiza e as súas propias dúbidas.

Mentres intenta confirmar a verdade e decidir como actuar, o príncipe adopta un comportamento errático que desconcerta a todos ao seu redor. As sospeitas, as intrigas políticas e os xogos de poder van envolvendo a corte, afectando tamén as relacións persoais de Hamlet, especialmente coa inocente Ofelia.

A medida que a tensión medra, as mentiras e as vinganzas propician unha cadea de traxedias que conduce a un enfrontamento final no que se saldan contas antigas e o destino de Dinamarca queda marcado para sempre.

Unha historia onde o heroe é por veces luminoso e moitas veces escuro, en conflito continuo e en dúbida constante, que se destila nese ser ou non ser xa convertido en icona pop. É teatro en maiúsculas, porque non hai nada máis dramático que a dúbida. Nin nada máis galego.

A man and a woman are standing in a dark, reflective space, possibly a stage or a pool. The man, on the left, is wearing a long, dark coat and holding a small bouquet of flowers. The woman, on the right, is wearing a long, dark dress and holding a small bouquet of flowers. The floor is highly reflective, showing the silhouettes of the two people. In the foreground, there is a large bouquet of flowers. The background is dark and indistinct.

**DIRECCIÓN E
DRAMATURXIA**



TITO ASOREY

Tito Asorey leva desde o ano 2000 dedicándose profesionalmente ao teatro, tanto na súa faceta de actor como na de director de escena. Egresado da Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia, foi cofundador das compañías ilMaquinario Teatro (*O Home Almofada*, *Perplexo* e *Resaca*) e A Quinta do Cuadrante (*O empapelado amarelo*, *A lúa vai encuberta*, *Continente María*), traballando tamén como director convidado en numerosas compañías galegas, como Teatro do Adro (*Ai, Carmela!*), Ainé Prod. (*Fariña*, *Somos criminais*, *Código K*), Etiqueta Negra (*Go Home*), Talía Teatro (*Unha inimiga do pobo*) e Ártika Prod. (*Non pasarán*), entre outras. En colaboración co Centro Dramático Galego ten estreado *O mundo persistente* (dentro do proxecto *Nós*) e *Recortes, caneos e outras formas de driblar*, en coprodución con Ainé.

Foi premiado en seis ocasións nos Premios María Casares e foi nomeado en 16 máis, e recibiu tres premios nacionais Buero. Tamén foi nomeado aos Premios Max no ano 2024, xunto a Vanesa Sotelo, pola súa peza *Unha inimiga do pobo*, de Henrik Ibsen, e en dúas ocasións aos premios ADE á mellor dirección de escena de España (por *Perplexo* e *Fariña*). Os seus espectáculos teñen percorrido toda a xeografía española, participando en festivais internacionais de Portugal, Francia, Colombia e Uruguai.



DRAMATURXIA



VANESA SOTELO

Dramaturga e directora de escena, desenvolve o seu traballo creativo en diferentes compañías de Galicia e Portugal. Autora dunha trintena de títulos, entre os recoñecementos recibidos destacan o Premio á Mellor Obra Teatral da Década en Lingua Galega por *Nome: Bonita*, o Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal por *Microspectivas dun marica millennial* ou o Premio á Mellor Adaptación por *A lúa vai encuberta*.

En 2024, a adaptación realizada xunto a Tito Asorey de *Unha inimiga do pobo* para Talía Teatro acada un novo Premio María Casares á Mellor Adaptación e resulta finalista nos Premios Max.

Nos últimos anos desenvolve un traballo sólido de diálogo arredor dos clásicos xunto a Tito Asorey, con quen asina a dramaturxia de *Non pasarán* para Ártika Cia., ademais do presente *Hamlet*, para o Centro Dramático Galego.

A group of people are dancing on a stage. In the foreground, a man in a light-colored striped shirt and dark pants is dancing with his arms raised. To his right, a woman in a black dress is also dancing. Further back, a man in a white jacket and dark pants is dancing with his mouth open. In the background, a man in a dark suit and white vest is dancing. The stage is lit with green laser lights that create a dynamic and festive atmosphere.

O ELENCO



SERGIO ABELAIRA



Iniciou a súa traxectoria profesional en 2021 na miniserie *La Fortuna*, de Alejandro Amenábar. A partir de entón participou noutras, como *Saudade de ti*, para TVG, ou *Los argonautas y la moneda de oro*, para TVE (producida por Portocabo), *Todos los lados de la cama*, de Telecinco Cinema, ou *Animal*, para Netflix.

No plano teatral, tivo a súa primeira experiencia profesional da man da actriz e directora Eva Egido con *Meet and Greet*, unha peza estreada no Goethe-Institut de Madrid, e co Centro Dramático Galego como intérprete en *Actos e as profecías*, de Tamara Canosa.



Formouse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, onde estudou Interpretación Textual. Prosegue a súa formación ata o día de hoxe con diversos mestres no ámbito da interpretación e da dobraxe.

A súa experiencia profesional abrangue series de televisión para a TVG, con títulos como: *Malo será!*, *Os Mariachi*, *Saudade de ti*, *Que fermoso é vivir en Abrente* e *O Home Perfecto*, ata a máis recente das rodaxes, *Pensión incompleta*, para TVG, EITB e 3CAT, que se estreará este ano. Desenvolveu tamén o labor de presentadora na TVG no programa especial *Nadal Challenge*.

No cinema participou en: *Antes de nós*, *O neno sardiña*, *Xan Serie*, *Mentres iso pasa* e *Cara de cona*. No teatro ten traballado en producións como *Bibopalula*, *Los cuerpos de Neró* e *Pastel de escarapote*, entre outras.

BELÉN CONSTENLA



Desde que en 1986 comezou en Ourense na compañía Caritel, leva traballando en arredor de 39 montaxes teatrais, en compañías como Teatro do Noroeste, Espello Cóncavo, Ollomoltranvía, Ur Teatro, Teatro do Aquí, Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico, Lagarta Lagarta, ButacaZero, Redrum Teatro ou o Centro Dramático Galego.

Na actualidade, continúa nos escenarios con *O mozo da última fila*, de Redrum Teatro, e *Despois das ondas*, de ButacaZero.

No audiovisual participou nunhas 47 producións, tanto de dentro como de fóra de Galicia, entre as que destacan *Amar es para siempre*, *Serramoura*, *Auga seca*, *Matadero*, *Pazo de familia*, *O faro*, *Isabel*, *A praia dos afogados*, *Hospital Central* ou *Os mortos van á présa*, pola que recibiu o Premio Mestre Mateo.

Conta, ademais, con cinco Premios María Casares.



Actriz licenciada na ESAD de Galicia e formada na RESAD, a súa traxectoria destaca por unha sólida base técnica en voz e corpo xunto a mestres como Claudio Tolcachir, Alfredo Sanzol, Lorena Bayonas ou Pepe Viyuela.

No ámbito teatral, formou parte de diversas compañías como Teatro do Noroeste, La Quintana Teatro e Teatro de Poniente, e participou en varios montaxes do Centro Dramático Galego, acumulando catro nomeamentos aos Premios María Casares como Mellor Actriz.

No panorama audiovisual, foi recoñecida con dous premios á Mellor Interpretación Protagonista pola comedia *Nadia en Cuesta*, dirixida por Chus Gutiérrez. Protagonizou a serie internacional *O Faro* e formou parte do elenco de *Cuéntame cómo pasó* durante oito anos. Actualmente, acaba de estrear a comedia *Me has robado el corazón*, para Amazon Prime.

ISA
GARRIDO



Graduada en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia, traballa en teatro, televisión e cine.

En televisión, participou en *Acacias 38* (RTVE), *Élite* (Netflix), *El jardinero* (Netflix), *Nosoutras* (AGalega), *Poscoito* (gañadora do Premio Mestre Mateo á Mellor Serie Web 2025) e *El desorden que dejas* (Netflix), interpretación pola que foi finalista como Mellor Actriz de Reparto nos Premios Mestre Mateo.

Traballa tamén na locución e na dobraxe.

No teatro profesional, debuta co musical futbolístico *Recortes, caneos e outras formas de driblar* (coprodución do Centro Dramático Galego e Ainé) e participa noutras obras como *Heroes en decembro* (coprodución do CDG, Vórtice Escénico e Acoraxe).



**CÉSAR
GOLDI**

Actor profesional desde 1992, foi nomeado en seis ocasións aos Premios María Casares de Teatro e conseguiu o galardón en dúas: con *Bye Bye Honey* (Obras Públicas) e *Ultranoite no país dos ananos* (Chévere). Traballou en nove espectáculos do Centro Dramático Galego.

Como autor, ademais de intérprete, destaca o monólogo teatral autobiográfico *Goldi libre* (Chévere).

En televisión, destaca polo seu protagonismo en series como *Luna, el misterio de Calenda*, *4º sen ascensor*, *Mareas vivas*, *El pueblo* ou *Los enviados*.

Foi actor de reparto en 10 longametraxes, como *Honeymoon* ou *Un día en Europa*, e tamén en 20 curtametraxes.

Está vinculado ao mundo da divulgación científica con espectáculos como *Elemental*.

ALEJANDRO JATO



É un actor galego que desenvolveu a súa carreira traballando con algúns dos directores máis relevantes do panorama teatral español. A súa traxectoria escénica inclúe montaxes destacadas como *Ilusiones* e *Ricardo III*, ambas baixo a dirección de Miguel del Arco; *El público*, dirixido por Álex Rigola; así como *Martes de Carnaval* (no CDG) e *Comedia sin título*, ambas con Marta Pazos.

En televisión, protagonizou a serie *Camilo Superstar* (Atresplayer), estreada no Festival Internacional de Cine de San Sebastián, e participou en producións como *HIT* (TVE), *Servir y proteger* (TVE), *Escenario 0* (HBO) e *Todas las veces que nos enamoramos* (Netflix).

No cine, participou na longametraxe *La tregua*, dirixida por Miguel Ángel Vivas, estreada tamén no Festival Internacional de Cine de San Sebastián. Actualmente está pendente de estrea a serie *Caldas, el último barco*, producida para Disney+.



MARITA
MARTÍNEZ

É actriz, improvisadora, cómica e monologuista.

Autora dos seus propios textos, ten ás súas costas unha ampla experiencia como actriz en teatro profesional con compañías como Espello Cóncavo, Teatro Galileo, La Tuerka Teatro e Ainé Producións.

Como improvisadora, forma parte das *Izquierdo Sisters* e conta tamén con varias participacións no audiovisual galego en pezas como *Cuarto sen ascensor*, *Os Atlánticos*, *Maloserá* ou *Os Mariachi*, así como nas webseries *Mataría*, *Acortados*, *Pulp Air* e *A arte de ser (mal) pai*.

IOLANDA MUÍÑOS



Actriz multidisciplinar con 30 anos de experiencia nas artes escénicas, televisión e cine.

No teatro, en comedias como *Life is a paripé*, *Presidente*, *Fobias* ou *A nona*; no xénero musical, con *Galicia Caníbal*, *Os músicos de Bremen* e *Bye Bye Honey*; e en drama, con *A piragua*, *Pervertimento*, *Hamlet* e *Rosalía*. Na televisión, participou en series como *Fariña*, *Rapa*, *La sombra de la tierra*, *Asunta*, *Las hijas de la criada*, *Cuéntame cómo pasó*, *Libro de familia* e *Acacias 38*. No cine, en filmes como *Cuñados*, *Malencolía* e *+Cuñados*.

Ten dous Premios María Casares de Teatro e un Premio Mestre Mateo.

Conta, ademais, cun máster en guión e outro en creación de documentais.



ANXO OUTUMURO

Titulado en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia, en 2022 funda a súa propia plataforma teatral, Barrosanta, co traballo unipersoal *Ragazzo*, dirixido por Xavier Castiñeira, e é finalista aos Premios María Casares como Actor Protagonista. Recentemente estrea a peza *Xoguetes rotos* con esta mesma compañía.

Actualmente, tamén está en xira con *Iribarne*, coprodución de ButacaZero e o Centro Dramático Nacional, traballo polo cal recibe o Premio María Casares a Actor Protagonista, baixo a mesma dirección que as dúas anteriores e con texto de Esther Carrodegas.

Formou parte do elenco de *Soños*, dirixido por Tamara Canosa e escrito por Fernando Epelde, e de *Backup*, comedia de De Ste Xeito Producións. Colaborou como actor con Inventi Teatro en *A gran viaxe* e *A tropa do Dr. Milagre*.

PEDRO PLACER



Actor, músico e profesor de teatro e improvisación escénica. Titulado Superior en Arte Dramática na especialidade de Interpretación Textual, con estudos en dirección, dramaturxia e interpretación xestual. Realizou cursos de clown e de *commedia dell'arte* con mestres como Carlo Bosso.

En 2022 realiza o Diplomado Internacional de Improvisación Teatral pola Universidad de El Bosque, en Bogotá. Ten ampla experiencia no teatro infantil, adolescente e de adultos, realizando xiras nacionais e internacionais.

Co-fundador de L'indignati: Asociación de Commedia dell'arte de Galicia. Ten experiencia no audiovisual, tendo participado en varias producións, unha delas internacional, da man de Wes Anderson. Actualmente traballa nas compañías de teatro de improvisación Improversados e Colectivo do Flow.



ADRIÁN
RÍOS

Comeza a súa carreira no ano 2007 co teatro e en 2010 co cine. Dende entón, participa en filmes, curtametraxes, series web e numerosas series de televisión, entre as que destacan *Fariña*, *Instinto*, *Santo* e, máis recentemente, *Rapa*. En teatro, destacan as obras *Fillos do sol* e *Smoke on the Water*.

Recibe a súa primeira formación na Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas. No ano 2009 ingresa na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, onde obtén a licenciatura en Interpretación Textual en 2013. Durante os seguintes anos continúa a súa formación en Madrid, con mestres como Fernando Piernas e Lorena García de las Bayonas.


MACHI SALGADO



Iníciase no teatro na Aula de Teatro da USC e fórmase na ESAD de Galicia en Interpretación Textual e Xestual, aprendizaxe que amplía con mestres como John Strasberg, Andrés Lima ou Fernando Piernas, entre moitos outros de diferentes disciplinas.

Participou en compañías como ESCENAté, Ningures Teatro, Redrum ou o Centro Dramático Galego, con montaxes como *O feo*, de M. Von Mayenbourg, *Idiota*; de Jordi Casanovas; *Por unhas poucas picadelas*, de Laia Ripoll; *Martes de carnaval*, de Valle-Inclán, ou *Hamelin*, de Juan Mayorga, traballos polos que recibiu recoñecemento nos Premios María Casares.

Actualmente continúa co seu espectáculo *O espírito de Vania*, no que, dirixido por Carlos Álvarez-Ossorio, pon en escena unha adaptación de *O Tío Vania* de Chejov.



TONI
SALGADO

Comeza a súa carreira como actor na Aula de Teatro da USC con montaxes como *Hamlet*, *O burgués xentil home* ou *Apnea*, para despois facer teatro profesional da man de compañías como A Factoría, Ónfalo, Contraproducións ou Teatro do Atlántico, ademais de varias participacións en espectáculos do Centro Dramático Galego, como *Shakespeare en Roma*, *As oito da tarde cando morren as nais* ou *O regreso ao deserto*.

En audiovisual, puidemos velo en series como *Pazo de familia*, *Serramoura*, *El secreto de Puenteviejo*, *Rapa*, *La casa de papel*, *Vivir sin permiso* ou *Valle salvajes*.

Cun extenso currículo profesional, conta ademais con catro nomeamentos aos Premios María Casares de Teatro, acadando o galardón en tres ocasións por *O principio de Arquímedes*, *Shakespeare en Roma* e *Apaga o candil*.

INÉS SALVADO GONTAD



Actriz e música. Actual integrante do grupo musical De Vacas e da compañía A Feroz desde 2015. Licenciada en Comunicación Audiovisual pola USC, especialízase en guión e dirección, ampliando a súa formación na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo, onde se gradúa en Fotografía Artística, e posteriormente en Interpretación na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto. Realiza tamén estudos de grao profesional de música no Conservatorio de Santiago de Compostela.

Ao longo da súa carreira, colaborou co Centro Dramático Galego, tanto como actriz na peza *O charco de Ulises*, como no ámbito da axudantía de dirección e da composición musical na recente produción *A burra, a mesa e o pau*. Participou en producións escénico-musicais da Real Filharmonía de Galicia, entre as que destacan *A bela durminte*, *A paixón de Simone* e *O inconformista*. Na actualidade, continúa a súa actividade profesional a nivel internacional co Teatro Experimental do Porto.



SERGIO
ZEARRETA

Actor e músico, formado nos grupos de teatro Sardiña da Coruña, Aula de Teatro Maricastaña da Universidade de Vigo (Campus de Ourense), e no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Gañou o Certame de Teatro Xuventude 2001 con *Novecento*. Traballou coas compañías Matarile, Voadora, Espello Cóncavo, Chévere, Contraproducións, Centro Dramático Galego, Ainé e Verdeveras. Protagonizou o musical *Galicia Caníbal*.

Formou parte dos elencos das longametraxes *Antes de nós*, *Honeymoon* e *Crebinsky*, coa que acadou o premio ao Mellor Actor Protagonista no Festival CineEspaña de Toulouse 2011.



O EQUIPO ARTÍSTICO



CARLOS ALONSO

Escenografía

Escenógrafo, figurinista, deseñador de vestuario e activista teatral autodidacta cunha ampla traxectoria. Foi membro fundador de La Farándula (1973) e colaborou en máis de 100 espectáculos profesionais, tanto en compañías independentes como no Centro Dramático Galego desde 1984.

Recibiu 13 Premios María Casares en escenografía e vestuario, traballando con grupos como Chévere, Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures, Ainé Producións, Tanxarina Títeres e PT Excéntricas.

Entre os seus traballos máis recentes están *A serie Clopen* (Centro Dramático Galego), *Costa da Morte: Cartografía dun naufraxio* (Mariña Lestón), *Non pasarán* (Ártika Cía.), *As gardiás* (Teatro de Ningures), *Demente* (Fran Sieira) e *A lúa vai encuberta* (Incendiaria e A Quinta do Cuadrante).

LAURA ITURRALDE

Iluminación

Dedícase á plástica escénica desde 2015, especializándose na Dirección de Arte para espectáculos en vivo, máis concretamente na rama de iluminación e visuais. A súa proposta artística pretende transformar espazos a través da luz, apoiando a narrativa dos proxectos nos que traballa.

Colaborou con artistas e compañías como Mercedes Peón, Tito Asorey, Guadi Galego e Tanxugueiras, así como co Centros Dramático Galego e co Centro Dramático Nacional, o Teatre Nacional de Catalunya e o Gran Teatre del Liceu.

Recibiu nos últimos anos seis Premios María Casares á Mellor Iluminación e Escenografía, así como o Premio Nacional Rogelio de Egusquiza en 2021, acumulando un total de doce nomeamentos nos últimos sete anos.

Nace no 2003, co obxecto de ofertar servizos integrais en vestuario, estilismo de moda e asesoramento de imaxe. Dirixida por profesionais con acreditada formación e experiencia en deseño de vestuario para publicidade, cine, teatro e televisión.

LOLA DAPENA estudou Fotografía Artística e Deseño de Moda na Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela. Logo dun periodo de prácticas na TVG e en Roberto Verino, guía a súa profesión como Figurinista para Cine e TV, especializándose en Costume Desing na Parsons School of Desing New York City en 1999. ALICIA DAPENA é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e especializada en Historia da Arte e en Museoloxía en 1994. Alicia impartiu docencia no Segundo Curso na Facultade de Belas Artes da Universidade Politécnica de Valencia na materia Introducción á Teoría da Arte.

XAVIER BÉRTOLO

Espazo sonoro e música

É licenciado en Piano e Música Moderna pola ESMAE do Porto, licenciado en Física pola USC e profesor de piano na ESMU de Vigo. Membro fundador de Cról!, director e músico na Orquesta Metamovida, teclista na banda de improvisación conducida *Comando Radar* e, xunto con Laura Iturralde, desenvolve o seu proxecto de electrónica e visuais, *Corvax*.

Nos últimos anos comezou a traballar no mundo audiovisual, onde destacan os seus traballos nas pezas teatrais *O empapelado amarelo* (A Quinta do Cuadrante, 2018), *Go Home* (Etiqueta Negra, 2023), *Non pasarán* (Ártika Cía., 2024) e *Xoguetes Rotos* (Butaca Zero, 2025); nas curtametraxes *16 de decembro* (Álvaro Gago, 2019), *Augas abisais* (Xacio Baño, 2021) e *Algo novo que contar* (Queimarte, 2025); e nas longametraxes *9 Fugas* (Fon Cortizo, 2020), que lle valeu o Premio Mestre Mateo á Mellor Música Orixinal, *Malencolía* (Afonso Zarauza, 2022), *Despois das cidades* (Xacio Baño, 2026) e *As liñas descontinuas* (Anxos Fazans, 2025), pola que está nomeado a Mellor Música Orixinal nos Premios Mestre Mateo 2026.

LORENA CALVO

Maquillaxe e caracterización

Conta con 23 anos de experiencia na industria audiovisual, desenvolvendo a súa traxectoria en cine e teatro. Especializada en perruquería, caracterización e creación de personaxes, traballa tamén no deseño e aplicación de efectos especiais.

Ao longo da súa carreira, combina técnica, creatividade e sensibilidade artística para dar vida a personaxes únicos, adaptándose ás necesidades narrativas de cada proxecto. A súa experiencia en rodaxes e producións escénicas permitiulle traballar con rigor, versatilidade e unha clara orientación ao detalle, sempre en colaboración co equipo artístico e técnico.

RUT BALBÍS

Movemento escénico e coreografía

Creadora-coreógrafa, intérprete e docente en artes do movemento. Licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, formouse en danza contemporánea en The Place (Londres).

Dirixe desde 2004 a compañía Pisando Ovos, premiada no Certame Coreográfico de Madrid e presente en redes de teatros e festivais estatais e internacionais.

Colabora habitualmente con destacadas compañías de teatro e danza como asesora e directora de movemento.

No 2019 recibiu o Premio da Crítica de Galicia e, en 2023, o Premio María Casares á Mellor Dirección de Movemento.

XOSÉ PIÑEIRO

Loita escénica

Nado en Santiago en 1968, exerce como adestrador de esgrima desde 1999 na Escola de Esgrima da USC, no Valladolid Club Esgrima (2017-2021) e no Compostela Esgrima. Fundador desta última, é especialista en espada, pero tamén conta con formación en sabre, florete, esgrima escénica/artística e histórica. Ten experiencia como mestre de esgrima escénica na escola de Teatro Santart (Esgrima, Arte e Deporte) e como adestrador de actores para Mar Libre, miniserie de Dani de la Torre para a TVG.

MELANIA CRUZ

Asistencia de texto

Diplomada en Maxisterio, Titulada Superior en Arte Dramática e con Mestrado en Artes Escénicas, é cofundadora da compañía A Quinta do Cuadrante xunto con Tito Asorey. Traballa como actriz en distintas compañías de teatro e como docente teatral en colectivos e institucións públicas e privadas desde o ano 2006, especializándose en interpretación textual con profesionais como Vicente Fuentes, Cristina Domínguez, Arístides Vargas, Marco Canale ou Falk Richter.

No ámbito do cine, protagoniza e forma parte do elenco de numerosos filmes e series. Recibe diversos recoñecementos como actriz: Premio María Casares á Mellor Actriz Protagonista, dous Premios Mestre Mateo á Mellor Actriz Protagonista e un á Mellor Actriz de Reparto, Premio Cinema Galego do FICBUEU, Premio da Cultura Galega en Artes Escénicas e Chimpín de Prata Pepe Piume, entre outros.

SARA REY

Axudante de dirección

Graduada en Historia da Arte pola USC e en Dirección Escénica pola ESAD de Galicia, cun mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade pola UDC.

Fórmase desde nova na compañía Noite Bohemia da Coruña. Dirixe *Iphixenia na porta do súper* para Compañía Humana, Antonio e Cleopatra en *Shakespeare en Roma* para o Centro Dramático Galego, *A cámara escura* para Vórtice Escénico e *Cartografar sen norte* para a Aula de Teatro da UDC. É axudante de dirección de Tito Asorey en *A lúa vai encuberta* e en *Recortes, caneos e outras formas de driblar*.

Funda Acoraxe, coa que dirixe *Novecento* e *Heroes en decembro*, coproducida co Centro Dramático Galego e Vórtice Escénico. Desde 2022 dirixe o grupo de teatro Muxicas da ONCE de Ourense. Traballa tamén en produción na MIT de Ribadavia e na MIAT da Coruña. Gaña o II Premio de Microteatro da Memoria da Deputación de Pontevedra e a ESAD de Galicia coa peza *A patente do sol*.

MARIÑA LESTÓN

Asistencia de produción

Actriz e traballadora cultural, graduada en Interpretación Textual na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Complementa a súa formación co posgrao de Xestión e Innovación Cultural da USC.

Traballou con diferentes compañías do panorama teatral, como o Grupo Chévere, e tamén como docente en agrupacións escolares de Galeatro.

Iníciase no eido da produción desenvolvendo diversos proxectos culturais propios, como O Faladoiro de Escénicas para a Radio Neria, ou obras teatrais como *Adolescentes*, *Dende o baleiro ás ondas* ou *Costa da Morte: cartografía dun Naufraxio*. Esta última, estreada en 2025, lévase a cabo en coprodución co Centro Dramático Galego.

Tamén desenvolveu a asistencia de produción na obra *Memorias dun neno labrego* (Centro Dramático Galego e Contraproducións).



centrodramatico.xunta.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg_salonteatro](https://www.instagram.com/cdg_salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)



CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO